

## Tabela das letras. FICCIÓN→

- ❶ **Invisible.** Paul Auster. Galaxia.
- ❷ **A rolda nocturna.** Sarah Waters. Galaxia.
- ❸ **Sete palabras.** Suso de Toro. Xerais.
- ❹ **Unha historia que non vou...** Cid Cabido. Xerais.
- ❺ **Dime algo sucio.** Diego Ameixeiras. Xerais.

## NON FICCIÓN→

- ❶ **55 mentiras sobre a lingua...** X. H. Costas. Laivento
- ❷ **A cocíña de Larpeiros.** Benigno Campos. Galaxia
- ❸ **Uxío Novoneyra** Carmen Blanco. A Nosa Terra.
- ❹ **Episodios galegos.** Manuel Rivas. Xerais.
- ❺ **Curuxás.** Carlos Parrado. A Nosa Terra.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: Cartabón (Vigo); Couceiro (A Coruña); Michelena (Pontevedra); Pedreira (Santiago); Torga (Ourense); Central Libreira (Ferrol); Andel (Vigo); Escolma (O Carballiño); Sisargas (A Coruña).

## crítica

## NARRATIVA.

## Todos os ramos do mundo

## Máis vidas


Autoría: Xosé Vázquez Pintor.

Edita: Espiral Maior.

O título que hoxe escollemos é como unha desas rara avis de canto e plumaxe vistosa que nos abraia cunha poliédrica riqueza de matices.

Trátase de 63 relatos. Porque 63? Pois, un por cada ano de vida desde aquel 1947 en que por primeira vez abría os ollos meniño Xosé; pode ser casualidade, mais cremos que non, de tan estudado, traballado e calculado que está todo no libro de *Máis vidas*. Léndoo, non nos abandonou a sensación de estarmos lendo un avantaxado continuador das obras de don Álvaro Cunqueiro e don Miguel Torga, o Cunqueiro que escribía de animais que falaban e o Torga dos *Bichos*. Nos dous casos pola mesma razón, a do humanismo que portan esas historias nas que animais e humanos conviven atopando xeitos e puntos de contacto que os enriquecen sequera un chisco na procesión de pesares en que consiste vivir. Ou, cando menos, esas historias logran que o lector reflexione a cerca de como a simbiose entre as distintas especies, que deba ser natural, se vai consumindo nun afastamento incesante, carcerario e estúpido. Certo é que estas de Vázquez Pintor ostentan unha personalidade propia, distintiva e intransferíbel, pois, gardando esa concomitancia,

Máis vidas  
XOSÉ VAZQUEZ PINTOR



Xosé Vázquez Pintor.

responden a unha fórmula narrativa diferente e tamén a un proxecto narrativo de seu e de abano semántico máis amplo.

*Máis vidas* representa un proxecto narrativo definido e complexo, dunha riqueza e esplendor que poucas veces se ve. Un primeiro relato, breve, presenta o proxecto e outro despídeo, confesando a felicidade por vivir e podernos contar, polos coñecementos cos que xentes, cousas, lugares, animais, fontes, mares, plantas, o obsequiaron. Tamén é certo que sen a peculiar voz narrativa este achegamento non se tería producido.

Cada relato estrutúrase en tres dimensións complemen-

tares. No inicio os títulos: xógase cos nomes, ás veces coñecidos (de filósofos, escritores, militares, mulleres destacadas), outras deben ser creacións e tamén alcuñas. De xeito que se nos anuncia a intención de situarse entre a realidade e a ficción. E tamén unha intemporalidade de longo alcance, da que só seremos conscientes cando leamos o remate. A seguir, o corpo do relato. Nel se atopan vertebrados (golpe, coello, gamo, cervo, galiña, león...), insectos (mosca, tabao, pulga...), plantas (buganvília, castiñeiro, sabugueiro...), peixes (anguía, lura, troita...), réptiles (cobra...), ou paxaros (andoriña, falcón, corvo, pom-

Trátase dunha homenaxe a xentes, lugares e animais que fixeron compañía ao longo da vida"

ba, miñado, pega...). Son estampas dunha vizosidade literaria abraiante e infrecuente, nas que importa a caracterización das personaxes (rápida e certa) e máis que iso a interrelación entre elas, o clima creado.

Remata o relato cun texto, a modo de moderna fiinda en prosa, que expande e redimensiona o contido anterior. Incorpora ao conxunto unha nova temporalidade, moi posterior, de xeito que o contraste provoque á vez actualización. Dentro desa actualización queremos fixarnos especialmente na da voz narradora, tanto polo que—á luz do texto en fiinda no que se despide—supón de confirmación do acto gozoso da escrita como tamén pola incompletude fronte á que se rebela. Esta escrita de Xosé Vázquez Pintor tenta de rebeldía como de homenaxe conxunta á propia literatura e ás xentes, medio natural e medio humano que lle brindaron e brindan compañía no difícil percurso da vida.

Escrita personalísima non adscribíbel xenericamente de xeito doado. Entre o xénero fantástico, o realismo, a poesía, a homenaxe humilde e poderosa en lingua e saber narrativo.●

X.M. Eyré

## POESÍA.

## No interno dos corpos

*Xoguetes póstumos*

Autoría: Emma Pedreira.

Edita: Caldeirón (55 pp.).

Considerémola ou non xénero de seu, a literatura erótica foi cultivada dun xeito desigual nas letras gale-



gas contemporáneas. A súa escasa proliferación na narrativa—a pesar dalgunhas manobras editoriais para a súa promoción, como foran, nos comezos dos noventa, os volumes *Contos eróticos. Eles* e *Contos eróticos. Elas*— contrasta co boom de poéticas do corpo aparecidas ao longo da década, e asinadas as máis das veces por voces femininas. Talvez non estea de máis recordar que foron precisamente esas estéticas o aspecto máis visíbel da renovación poética producida ao longo daqueles anos.

Escasas son tamén as iniciativas para a promoción desta literatura, así coma os espazos exclusivos para a súa publicación. No que á poesía se refire, o Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, convocado polo Concello de Malpica e a Asociación Cultural Caldeirón, ocupa un lugar senlleiro no vasto panorama de certames literarios. A coidada colección creada para a difusión dos poemarios gañadores está a crear polo tanto repertorio de literatura de xénero até o de agora inexistente como tal.

Non sorprende atopar entre os nome do catálogo o de Emma Pedreira, unha voz que irrompía a finais da década dos noventa con *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999). A autora, que ten xa no seu haber algúns premios importantes, gañou con *Xoguetes póstumos* a terceira edición do Illas Sisargas. O volume presenta ademais, como valor engadido, ilustracións da tamén poeta Ana Cibeira.

En *Xoguetes póstumos* hai, igual que na maior parte da produción de Emma Pedreira, unha construción alegórica que, neste caso, bota man dunha rica imaxinería de natureza mariña explicitada xa nas primeiras páxinas: "Levo un faro por riba da pel como insignia de sixilo e espera. / Un zulo apertado de ósos onde me arrinquei a pel e >>>